

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 15/01/1974**

**Colección:**

**Data:** 15/01/1974

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Francisco Fernández del Riego;

**Orixes:**

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

**Orixes:**

Montevideo, 1985, 13° (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada e o membrete:]

**Temáticas:**

Artes; Literatura;

**Mencionados:**

Luís Falcini; Evelina Hervella; Simón Scheimberg; Maruxa Seoane;

---

## **Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 15/01/1974**

LUIS SEOANE

Buenos Aires, 15 de Xaneiro de 1974

Sr. D. Francisco F. Del Riego

Vigo

Meu querido amigo:

Recibín o teu pésame con motivo do pasamento de miña nai nesa, en Xixón. Agradézovos moito, a Evelina e a tí, este testemuño da vosa amizade. Cando saímos de Madride, miña nai atopábase ben, foi repentina a súa morte, falloulle o corazón. Eu continuo moi deprimido. Poidemos estar xunto con ela de sospeitar que

podía estar mal si nos fose doado preveer o que ten de ocorrer. O 73 foi por moitos motivos un ano malo pra nós, morreron dous grandes amigos que penso tí coñeciches, o escultor Falcini e o Dr. Scheimberg; tivemos o accidente, no que, aparte das feridas de un e outro, perdín tres meses de traballo, etc. Non quero escribir mais nada encol de todo esto. Póño-me pesimista, un vai morrendo día a día. O traballo ten de nos salvar de matinar encol destas cuestiós.

Soio quero agradecérevos as frases que nos enviáchedes. En canto a todo xa falaremos en outra oportunidade. Adiántoche que recibín bastantes libros no ano que pasei ahí. Non recibín o N<sup>o</sup> 40 de Grial. Fai que mo remitan. Gracias. Recibide Evelina e tí unha grande aperta de Maruja e miña:

Seoane

[Escrito na marxe inferior:] Montevideo, 1985-13<sup>o</sup>-Dpto. 68

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.